

ACERCA DOS B. I. C.

Os bens materiais declarados coma de interese cultural están clasificados en distintas categorías. Aquí só tratamos dos considerados como "Monumento", "Xacemento ou zona arqueolóxica" e "Conxunto histórico".

Eses bens integrantes do patrimonio histórico nacional, a efecto da oportuna protección, tiveron ó longo do tempo diversas denominacións:

- Monumento Nacional: dende 1836.
- Monumento Arquitectónico-Artístico: Lei de 4 de marzo de 1915.
- Monumento Histórico-Artístico Nacional: Lei de 13 de maio de 1933.
- Bien de Interés Cultural (BIC): "Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español".

A asunción por Galicia da competencia está regulada na Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, derogada e substituída pola Ley 5/2016, de 4 de maio, do mesmo nome, que é a que está actualmente en vigor.

No ano 1931 tivo especial importancia un Decreto de 3 de xuño polo cal se declaraban como "*monumentos histórico-artísticos pertenecientes al Tesoro Nacional de España*" un total de 897 bens en toda España, 14 deles na provincia de Ourense.

Antes disto na provincia só houbera 6 declaracións singulares, nos anos 1921 e 1923, todas elas referidas a edificios relixiosos.

Outro decreto moi prolífico foi o do 22 de abril de 1949 polo que se declaraban Monumentos todos os castelos da nación, independentemente do seu estado de conservación.

CRONOLOXÍA DOS BIC`S DA PROVINCIA DE OURENSE

Os 6 casos "pioneiros":

- R. O. 11/08/1921: Igrexa de Santa Comba y San Torcuato – Bande
 - R. O. 12/04/1923: Capela de San Miguel - Celanova
 - R. O. 12/04/1923: Mosteiro de San Estevo de Rivas de Sil – Nogueira de Ramuín
 - R. O. 12/04/1923: Mosteiro de Oseira (Igrexa, Sala Capitular e Claustro Gótico)
 - R. O. 20/09/1923: Igrexa Rupestre de San Pedro de Rocas – Esgos
 - R. O. 20/09/1923: Claustro do Convento de San Francisco - Ourense
-

Decreto de 3/6/1931 (de ampla aplicación en toda España):

- Catedral de San Martiño
 - Palacio Episcopal
 - San Martiño de Pazó
 - Santa Eufemia de Ambía
 - Santo Domingo de Ribadavia
 - Ponte do Bibei
 - Santa María de Mixós
 - Santa Mariña de Augas Santas
 - Santiago de Allariz
 - Colexiata de Xunqueira de Ambía
 - Castelo de Monterrei
 - Mosteiro de Celanova
 - Mosteiro de Melón
 - San Pedro da Mezquita
-

Posteriores a 1931:

- D. 31/05/1944: Ponte Pedriña – Bande/Lobeira

- D. 05/04/1946: Igrexa de San Mamede de Moldes – Boborás
- D. 29/04/1946: Igrexa de San Xulián de Astureses – Boborás
- D. 17/10/1947: Conxunto da Vila de Ribadavia
- D. 22/04/1949:** Todos os castelos (*Xenérico -sen nomes-*)
- D. 26/01/1951: Igrexa de San Francisco de Ourense
- D. 16/03/1951: Mosteiro de Santa María de Montederramo
- D. 20/04/1951: Igrexa de San Xes de Francelos – Ribadavia
- D. 06/04/1961: Conxunto Ponte Vella e Capela dos Remedios – Ourense
- D. 01/03/1962: Museo Arqueolóxico de Ourense (*Disposición colectiva, neste caso redundante*)
- D. 12/05/1963: Basílica da Asunción e Castro de Armeá – Allariz
- D. 20/05/1971: Conxunto Histórico dunhas zonas de Allariz
- D. 17/08/1973: Lugar de Pazos de Arenteiro – Boborás
- D. 12/09/1975: Casco antigo da cidade de Ourense
- O. 25/02/1976: Casa de Curros – Celanova
- O. 30/11/1976: Muíño de San Mamede de Moldes – Boborás
- R. D. 12/12/1980: Monasterio de Santa María de Xunqueira de Espadanedo
- R. D. 08/05/1981: Mosteiro de San Clodio e Ponte Medieval – Leiro
- D. 05/10/1995: Templo da Vera Cruz - Carballiño
- D. 02/01/1998: Núcleo antigo da vila de Castro Caldelas
- D. 11/02/2000: Cemiterio de San Francisco de Ourense
- D. 20/06/2002: Pazo dos Oca-Valladares (hoxe Liceo) – Ourense
- D. 20/04/2006: Santuario N^a S^a das Ermidas – O Bolo
- D. 08/02/2007: Conxunto das fontes termais das Burgas
- D. 02/04/2009: Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil - Parada de Sil
- D. 10/03/2011: Castro da Cidá de Saceda – Cualedro
- Res. da D.X.P.C. de 15/03/2011: Mámoa N^o 1 da Serra das Motas – Lobeira
- Pedra Grande de Antela –Sarreaus/V.de B^o/X. de Ambía
- Mota Grande N^o 1 – Vereia

Podes pechar este documento con Ctrl. + W